

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 3 DE DECEMBRO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 3 de decembro de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as que integran os seguintes grupos políticos:

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Don Alfredo Laudelino García Rodríguez
Dna. Margarida Pizcueta Barreiro
D. Aurentino Alonso Araujo
Dna. María Irene Dacal Feijóo
D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.
Dna. Diana Urdangaray Díaz
D. Miguel Neira Ojea
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez
D. Jesús Jares Almeida
Dna. Alicia Álvarez Fernández

Grupo Municipal del Partido Popular:

D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
Dna Nieves Rodríguez Voces
D. Enrique Pérez Roca
D. Antonio Melo García

Grupo Municipal Mixto:

D. Félix García Yáñez

Non asiste a concelleira Dna. Sabina Aguado García, cuxa ausencia é desculpada.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o axunto á intervención Don Rubén Vizcaíno Pena.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 23 de novembro de 2015.

Pregunta o sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 23 de novembro de 2015, ao non formularse algunha observación, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince concelleiros presentes nese momento na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Deporte, Xuventude e Participación Cidadá relativo a modificación dos modelos de declaracións preceptivas que deben presentar os concelleiros.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sr. Alonso Araujo, quen fai uso dela para dicir que dentro da normativa relativa á transparencia hai unha parte que afecta aos concelleiros pois hai que facer unha declaración de bens, declaración de actividades, etc., que todo iso hai que facelo público colgándoo na paxina web do Concello. Di que para adaptar a esa nova situación os impresos que se estaban a utilizar para as mencionadas declaracións é polo que se trae ao Pleno esa modificación dos modelos de declaración preceptiva que se teñen que presentar. Di o concelleiro que este asunto xa se tratou na Comisión de Deportes, Xuventude e Participación Cidadá da semana pasada, dando conta do ditame adoptado.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que o seu Grupo vai votar a favor neste punto.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr García Yáñez que fai uso dela para dicir que o seu voto tamén é favorable pois está a favor da máxima transparencia sobre todo dos representantes da cidadanía no Concello, aínda que pensa que se debería poñer en funcionamento a partir do próximo ano, unha vez se teñan feitas as declaración de facenda, etc., pois desa forma estarían máis actualizadas.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que o día que se aprobou a ordenanza de transparencia el xa dixo que se estaban facendo os trámites para que se puidera poñer en marcha o día 10, pero que ninguén pensara que o día 11 a páxina xa estaría chea, que xa se están colgando moitas cousas

pero que hai moita información, e que o que di o sr. García Yáñez pódese falar en calquera momento, que o que se quixo é adaptar os modelos nos que hai que cubrir os datos, e que dentro das declaracións que se fan está a declaración anual e que a do presente ano 2015 xa está feita e a do ano 2016 se fará ao principio ou se esperará a facela máis tarde, que deso xa se falará.

Di o sr. Alonso Araujo que, para o público que non o saiba, as declaracións dos actuais membros da Corporación xa se fixeron no seu momento, e que agora están sendo custodiadas polo Secretario do Concello, pois cando os integrantes da Corporación toman posesión dos novos cargos presentan as correspondentes declaracións.

Di o sr. García Yáñez que estivo vendo a páxina web do Concello do Barco e que as ordenanzas e moitas máis cousas están moi atrasadas, que ó mellor sería conveniente que se empezaran a publicar as máis actuais, pois hai ordenanzas do ano 2003, por exemplo.

Di o sr Alcalde que probablemente porque esa ordenanza non se modificou.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Aprobar os modelos de declaración de intereses que se achegan como anexo aos efectos do artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que substitúen e derrogan os aprobados polo Pleno da Corporación en sesión de 7 de febreiro de 2015.

DECLARACIÓN DE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E RELACIÓN DE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

CORPORACIÓN: ANO 20 /20

DATA DE ANOTACIÓN:

NÚMERO DE REXISTRO:

DATOS DO DECLARANTE		
Nome:		
Primeiro apelido:		
Segundo apelido:		
D.N.I.:		
DOMICILIO:	RÚA	Nº
LOCALIDADE:	C.P.	
PROFESIÓN:		

TIPO DE DECLARACIÓN (Sinale cunha X o recadro que proceda)	
<input type="checkbox"/> Inicial (Antes da toma de posesión)	<input type="checkbox"/> Anual
<input type="checkbox"/> Modificación (Variación das circunstancias de feito)	<input type="checkbox"/> Final (declaración por cese do cargo)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o/a que subscribe, cuxos datos de identidade arriba se consignan, formula a presente declaración de causas de posible incompatibilidade e relación de actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos que consta de ____ páxinas e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos son rigorosamente certos:

1 Causas de posible incompatibilidade (artigos 177 e 178 da Lei orgánica do réxime electoral xeral)

Nada que declarar neste epígrafe 1.

Se o espazo reservado para indicar é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

2 Relación de actividades e ocupacións profesionais, mercantís ou industriais, traballos por conta allea e outras fontes de ingresos privados, con especificación do seu ámbito e carácter dos empregos ou cargos que se ostenten en entidades privadas, así como o nome ou razón social das mesmas

Nada que declarar neste epígrafe 2.

Se o espazo reservado para indicar é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

3 Outros intereses ou actividades privadas que, aínda non sendo susceptibles de proporcionar ingresos, afecten ou estean en relación co ámbito de competencias da Corporación

4 Postos de traballo no sector público, con especificación da entidade onde se prestan os servizos, o posto de traballo e a natureza da relación (funcionarial, laboral ou eventual)

Nada que declarar neste epígrafe 3.

Se o espacio reservado é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

O Barco de Valdeorras _____ de _____ de 20__

Ante min,

O/A declarante (Nome e apelidos)
apelidos)

O/A secretario/a (Nome e

(Sinatura)

(Sinatura)

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal infórmase aos concelleiros que existe un ficheiro de datos de carácter persoal coa información que esixe o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que ten carácter público, e que constitúe unha obriga a declaración dos datos que se requiren. Tamén se informa do seu dereito para acceder, rectificar, cancelar ou formular oposición. O responsable do tratamento é o Concello do Barco de Valdeorras.

DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS E PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES

CORPORACIÓN: 20 /20

DATA DE ANOTACIÓN:

NÚMERO DE REXISTRO:

DATOS DO DECLARANTE		
Nome:		
Primeiro apelido:		
Segundo apelido:		
D.N.I.:		
DOMICILIO:	RÚA	Nº
LOCALIDADE:	C.P.	
PROFESIÓN:		

TIPO DE DECLARACIÓN (Sinale cunha X o recadro que proceda)
<input type="checkbox"/> Inicial (Antes da toma de posesión) <input type="checkbox"/> Anual

Modificación (Variación das circunstancias de feito) Final (Declaración por cese do cargo)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o/a que subscribe, cuxos datos de identidade arriba se consignan, formula a presente declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades que consta de ____ páxinas e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos son rigorosamente certos:

1 PATRIMONIO INMOBILIARIO								
Clase (1)	Tipo (2)	% de participación	Descrición	Emprazamento	Referencia catastral	Valor catastral	Inscripción rexistral	Data de adquisición

1. Clase de ben: R: Rústico; U: Urbano.
2. Tipo de dereito: P: pleno dominio; N: nuda propiedade; M: multipropiedade, propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares con titularidade parcial do ben; D: Dereito real de uso e goce; C: concesión administrativa.

Nada que declarar neste epígrafe 1.

Se o espazo reservado é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

2 Depósitos en conta corrente, de aforro e outros tipos de imposicións en conta		
Clase	Entidade de depósito (número de conta)	Contía

Nada que declarar neste epígrafe 2.

Se o espazo reservado é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

3 Outro patrimonio mobiliario				
Clase	Denominación e obxecto social	Porcentaxe de participación	Data de adquisición ou subscripción	Sociedades participadas
Accións e participacións de todo tipos en sociedades				

institucións de investimento colectivo				

Clase	Denominación e obxecto social/entidade aseguradora	Porcentaxe de participación/contía	Data de adquisición ou subscrición.
Seguros de vida, plans de pensións, rendas temporais e vitalicias.			

Clase	Denominación e obxecto social	Porcentaxe de participación	Data de adquisición ou subscrición.
Débeda pública, obrigas e bonos			

Clase	Denominación e obxecto social	Porcentaxe de participación	Data de adquisición ou subscrición.
Outros bens patrimoniais (dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial, obrigas de pagamento, etc...)			

Nada que declarar neste epígrafe 3.

Se o espazo reservado é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

4 Vehículos e embarcacións

Clase	Modelo	Data de matriculación

Nada que declarar neste epígrafe 4.

Se o espazo reservado é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

5 Semoventes			
Especie	Núm. de cabezas	Descrición	Observacións

Nada que declarar neste epígrafe 5.

Se o espazo reservado para indicar os bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se achegan.....

6 Outros bens mobles de especial relevancia:			
7 Operacións de crédito pendentes de amortizar:			
Tipo de operación	Capital pendente	Capital amortizado	

8 Liquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas
--

Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio _____ (especificar ano), coa seguinte información:

- Base imponible correspondente ó último exercicio_____.
- Cota líquida_____.

Declara que no exercicio _____ non tiña obriga de contribuir.

9 Liquidación do imposto sobre o patrimonio

- Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre o Patrimonio correspondente ao exercicio _____ (especificar ano), coa seguinte información:
- Base imponible correspondente ó último exercicio_____
-Cota líquida_____.
- Declara que no exercicio _____ non tiña obriga de contribuír.

10 Liquidación do imposto sobre sociedades
--

- Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre o Patrimonio correspondente ao exercicio _____ (especificar ano).
 Declara que no exercicio _____ non tiña obriga de contribuír.

O Barco de Valdeorras, _____ de _____ de 20__

Ante min,

O/A declarante (Nome e apelidos)

O/A secretario/a (Nome e apelidos)

(Sinatura)

(Sinatura)

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal infórmase aos concelleiros que existe un ficheiro de datos de carácter persoal coa información que esixe o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que ten carácter público, e que constitúe unha obriga a declaración dos datos que se requiren. Tamén se informa do seu dereito para acceder, rectificar, cancelar ou formular oposición. O responsable do tratamento é o Concello do Barco de Valdeorras.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana

3º Ditame da Comisión Informativa de Deporte, Xuventude e Participación Cidadá relativo a creación dun novo ficheiro de datos persoais relativo a entidades veciñais

Fai uso da palabra o sr. Araujo Alonso para dar conta do ditame e dicir que o presente punto vai un pouco en consonancia co Regulamento Orgánico Municipal, que se debaterá no seguinte punto, e que nese Regulamento aparece unha posibilidade de que as entidades veciñais, organizacións, asociacións, etc., poidan participar activamente no Pleno e na vida municipal, polo que hai que crear este novo ficheiro de datos e adaptalo á lexislación vixente. Di o concelleiro que o ditame foi informado favorablemente pola Comisión de Deportes, Xuventude e Participación Cidadá e que hai unha serie de datos que se lles vai a solicitar ás entidades veciñais para incluír nese novo ficheiro que terá carácter público.

Concédeselle o uso da palabra ó sr. Moldes Gómez quen fai uso dela para dicir que o seu Grupo vai a votar a favor xa que o informe do Secretario tamén é favorable.

Concédeselle o uso da palabra ó sr. García Yáñez quen fai uso dela para dicir que el tamén vai votar a favor pero que tal como constan as esixencias parécenlle excesivas, pois pensa que case é un arquivo de datos parapolicial pois nin o Ministerio do Interior cando legaliza un partido político esixe tantos datos, nin a Xunta de Galicia cando legaliza unha asociación esixe tantos datos. Di que pensa que con catro puntos estaría recollida a esencia da Asociación e o traballo que fai así como a xente que participa na directiva da Asociación. Di o concelleiro que a súa proposta é que se reduzan os datos e que no ficheiro se recolleran soamente os catro datos seguintes: 1) o número de rexistro xeral da asociación que concede a Xunta, 2) o domicilio fiscal, 3) o Número de Identificación Fiscal e 4) os nomes dos compoñentes da xunta directiva da asociación. Remata dicindo o sr. García Yáñez que aínda que lle parece excesivo a cantidade de datos que se piden, vai votar a favor.

Di o sr. Araujo Alonso que como na Comisión informativa de Deportes, Xuventude e Participación Cidadá xa xurdiu esa dúbida, llo consultou ao Secretario do Concello e ó final resulta que todos os datos que se esixen están contidos no ROF, polo tanto é o que esixe a Lei. Di o concelleiro que ademais todos estes datos fan falla despois para cando se lles conceda a subvención que soliciten. Remata dicindo o sr. Araujo Alonso que non ve maior problema no ficheiro de datos pois ó final publicamente so van saír aqueles datos que a lexislación permita.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar inicialmente a modificación do anexo I da Ordenanza municipal de creación, modificación e supresión de ficheiros con datos de carácter persoal do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense) publicada no B.O.P. núm. 81 de 11 de abril de 2009, engadindo e polo tanto creando un novo ficheiro denominado “Rexistro de Asociacións e Entidades Veciñais do Concello do Barco de Valdeorras”. O texto que se engade ao anexo I da Ordenanza municipal de creación, modificación e supresión de ficheiros con datos de carácter persoal do Concello do Barco de Valdeorras é o seguinte:

“Rexistro de Asociacións e Entidades Veciñais do Concello do Barco de Valdeorras

a. Denominación do ficheiro: Rexistro de Asociacións e Entidades Veciñais do Concello do Barco de Valdeorras

b. Finalidade e usos previstos para este: dar cumprimento ao previsto no artigo 72 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local e os artigos 28, 130, 228, 232 a 236 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

c. Orixe dos datos: facilitados polos seus titulares

d. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: todas aquelas asociacións cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio e, en particular, as asociacións de veciños dun barrio ou distrito, as de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outras similares.

f. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: O ficheiro inclúe, para cada titular a) Estatutos da asociación ou entidade.

b) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros Rexistros públicos.

c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos. d) Domicilio social. e) Presuposto do ano en curso. f) Programa de actividades do ano en curso no termo municipal. g) Certificación do número de socios.

h) Certificación dos ingresos por cota de asociado e do número de asociados i) Número de célula de identificación fiscal (CIF) da entidade.

g. O ficheiro ten carácter público, sen prexuízo da disociación de datos que segundo a lexislación vixente proceda

h. Órganos das administracións responsables do ficheiro: Concello do Barco de Valdeorras.

i. Sistema de tratamento dos datos: en soporte papel e informático.

j. Servizos ou unidades ante os que puideran exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: secretaría do Concello do Barco de Valdeorras. k. Medidas de seguridade: nivel básico.”

Segundo: dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición de anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

4º Ditame da Comisión Informativa de Deporte, Xuventude e Participación Cidadá relativo a aprobación inicial do Regulamento Orgánico do Concello do Barco de Valdeorras

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dar conta do ditame da correspondente comisión informativa e dicir que esta mesma mañá o voceiro do Partido Socialista, sr Alonso Araujo, en consonancia co debate que houbo na citada Comisión Informativa, presentou a seguinte emenda ao ditame para modificar o artigo 9º do Regulamento Orgánico, na que se substitúe unha frase co obxecto de deixar claro que nin os funcionarios nin os concelleiros abandonarán o Pleno, aínda que como hai que cumprir a lei os funcionarios públicos dan fe pública do que é público e públicos son os acordos do Pleno que forman parte da Orde do día, polo que non se pode pretender equiparar a participación veciñal cos rogos e preguntas da Orde do día. Di o alcalde que si por parte dos veciños houbera algunha pregunta que interesara que constara na Orde do día, terían que trasladarlle a un dos concelleiros e entón constaría na Orde do día.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Mixto, o sr. García Yáñez, que di que el presentara á Comisión catro emendas.

Di o sr. Alcalde que a Comisión xa votou e xa aprobou o que aprobou, que o Grupo Socialista presenta agora esta emenda para cambiar algo que se debateu alí, que a Comisión ditaminou un acordo que é o que ven ao Pleno. Di que as emendas que se presentan en Comisión non veñen directamente ao Pleno, vótanse na propia Comisión e ao Pleno ven o ditame da Comisión informativa.

Sometida a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal Socialista, é aprobada por quince votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García) e unha abstención (do concelleiro García Yáñez), sendo introducida no presente Acordo, quedando como segue o parágrafo 3 do artigo 9º:

“Artigo 9º. Publicidade e participación nas sesións (.....)

3. Unha vez levantada a sesión do pleno, o alcalde poderá establecer unha quenda por prazo de dez minutos para que o público asistente realice rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal. Correspóndelle ao alcalde ordenar e pechar esta quenda. Excepcionalmente, cando circunstancias de especial relevancia libremente apreciábeles polo alcalde o esixan, o alcalde poderá ampliar a duración desta quenda noutros dez minutos.
(.....)”.

Fai uso da palabra o sr. Araujo Alonso para dicir que logo de varias xuntanzas nas Comisións e de varios anteproxectos levouse á Comisión informativa de Deporte, Xuventude e Participación Cidadá da semana pasada, a proposta de ditame sobre a aprobación inicial do Regulamento Orgánico Municipal, que foi informado favorablemente pola Secretaría e pola Intervención. Di que en definitiva trátase de establecer as pautas de regulamento orgánico non so do Pleno senón tamén do Concello, e que con este Regulamento cúmprese amplamente co que estipula a lexislación vixente e que así mesmo o Regulamento é acorde coa capacidade de traballo que ten o Concello do Barco. Di o concelleiro que ó mellor lle gustaría que houbera máis órganos de participación como os hai noutros concellos pero iso require un persoal que aquí non hai. Remata dicindo o voceiro que pensa que o que se trae ao Pleno é un Regulamento bastante axeitado para o que se pretende levar a cabo.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que queren recordar que no ano 2007, ao comezo do mandato, o Grupo Popular presentou unha moción solicitando a creación dun Regulamento de Participación Cidadá, e que ó final do mandato levou o sr. Alcalde, de présa e correndo, un Regulamento para cubrir o expediente e aprobalo antes das eleccións de maio de 2011, e desa forma evitar que a oposición dixera que o Concello non apostaba pola participación cidadá. Di o concelleiro que o citado Regulamento non se utilizou nunca nos últimos catro anos, pero que agora lles alegra moito que se presente este e que por suposto que o Grupo Popular vai a votar a favor porque leva dende o ano 2007 loitando para que saia un Regulamento de Participación Cidadá.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Mixto, o sr. García Yáñez, que di que o Regulamento que presenta o Partido Socialista parécelle claramente mellorable, que eles fixeron unhas propostas en base á promesa que fixera o Alcalde na toma de posesión, de que tería en conta as propostas

da oposición sempre que fose posible, e que presentou as emendas simplemente para que fose máis dinámico e que a participación dos veciños se tivera máis en conta, polo que o concelleiro sinala os seguintes puntos que ao seu parecer inciden nese sentido: no tema da participación nas sesións, o seu grupo propoñía que as sesións fosen públicas, que o dereito a intervir nas sesións do Pleno sexa de todos os veciños que estean empadroados no concello do Barco de Valdeorras e que o Alcalde dea palabra aos veciños asistentes á sesión, entre outros; en relación cos pedáneos o concelleiro di que cre que se deberían de potenciar non como delegados do Alcalde senón como representantes dos veciños que transmitan as súas inquietudes, polo que o sr. García Yáñez propón que os pedáneos se elixiran democraticamente entre os veciños. Prosegue dicindo que na proposta da Alcaldía, segundo o seu Grupo, falta un artigo dedicado á simboloxía municipal, que eles avogan que a Corporación municipal, no exercicio das súas funcións, elimine toda simboloxía relixiosa nos Concellos, asumindo que as cerimonia municipais sexan civís e que non privilexiará a ningunha confesión. Tamén di o concelleiro que o regulamento orgánico debe contemplar a participación nos asuntos urbanísticos e eles cren que a decisión final de calquera modificación urbanística que teña un mínimo de calado, necesita o consenso dos veciños afectados pola modificación, polo que o Concello debería celebrar consultas veciñais por iniciativa propia ou veciñal, sendo o resultado da consulta vinculante para o Concello sempre que a participación sexa como mínimo do 50% das persoas maiores de 16 anos. Di o voceiro que si se tiveran en conta as aportacións feitas polo seu Grupo farían máis áxil a vida do Concello e sobre todo os veciños estarían mellor representados. Remata dicindo o sr. García Yáñez que pensa que non hai que ter medo ás participacións populares e ás peticións populares polo que cre que sería conveniente que se volvera a revisar o regulamento para valorar nun próximo regulamento a inclusión dalgunha emenda que se aproxime ás feitas por el.

Di o sr Alonso Araujo que, en resposta ao PP, o Regulamento que se aprobou no ano 2011 estivo vixente e a disposición de calquera que quixera utilizado, e que xa tiña un apartado dedicado á participación cidadá. Di o concelleiro que con respecto ao que di o voceiro do Grupo Mixto, evidentemente o Regulamento é mellorable como xa dixo el na súa exposición, pero que neste Concello non hai capacidade como noutros concellos para ter persoal dedicado exclusivamente ao tema da participación cidadá. Di que a maior parte das emendas presentadas polo sr. Yáñez están recollidas, incluso xa estaban recollidas no anterior Regulamento, que as sesións son públicas, xa o di a Lei, que en relación co dereito a intervir nas

sesións está o artigo 9º que nun dos seus apartados dedicado ás asociacións xa di que poden participar activamente no Pleno dun xeito razoable, que o que expón o sr. García Yáñez está regulado no apartado 2 do artigo 9º e que no apartado 3 do mesmo artigo regúlanse as intervencións dos veciños. Prosegue dicindo o sr. Alonso Araujo que con respecto ao tema dos pedáneos, estanse elixindo democraticamente cando hai candidatos, que o problema é que na maioría dos pobos non hai candidatos e que a lexislación é a que di que son delegados do Alcalde. Di que relación coa simboloxía municipal non pode contestar porque descoñece si tería que ir no Regulamento ou non. Remata dicindo o sr. Alonso que pensa que no Regulamento que se presenta están recollidas o 90% das peticións que fai o concelleiro sr García Yáñez.

Fai uso da palabra o sr. Moldes Gómez quen di que o seu Grupo pensa que o Regulamento do ano 2011 non se publicou o suficiente, que en catro anos non houbo ningunha participación.

Fai uso da palabra o sr. García Yáñez quen di que claro que os plenos son públicos, pero que todo o que fai referencia as leis sempre lle recorda unha frase do Conde de Romanones, que foi ministro, presidente do Goberno, gran cacique de principios do século XX, e que lle dicía aos compañeiros de goberno que eles facían as leis e el se ocupaba do regulamento, é dicir, que o importante é o regulamento non as leis, sempre hai artimañas para saltarse ás leis e facelas máis restritivas. Di que dar máis participación aos veciños é un principio democrático, que se someten a referenduns os PXOMS en moitos concellos de España e non lle parece unha cousa doutro mundo.

Di o sr. Alcalde que en todos os anos que leva gobernando, o único pedáneo que foi cesado foi a petición por escrito dos propios veciños do seu pobo, e o único pedáneo que se ten nomeado nesta lexislatura, nomeouse despois dunhas eleccións e votación dos veciños, que os concelleiros teñen a capacidade de recibir todas as inquiredanzas veciñais e traelas ao Pleno e que xa se verá en cantos Concellos e cómo se poñen en marcha eses máximos que se piden.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo, xa incluída a emenda presentada e aprobada:

Primeiro: aprobar inicialmente o seguinte Regulamento orgánico municipal:

“REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

Exposición de motivos

O regulamento orgánico municipal é a manifestación evidente da potestade de autoorganización das entidades locais aprobado en exercicio da potestade regulamentaria.

Co transcurso do tempo o regulamento orgánico sufriu unha evolución cara a unha diminución operativa, que lle conferiu un papel residual, segundo reza a sentenza 214/89 do 21 de decembro do Tribunal Constitucional.

Na xerarquía de fontes, queda exclusivamente subordinado ás leis formais, estatais ou autonómicas. Sen embargo, debe terse en conta que de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional (STC de 20 de maio de 1983) o núcleo esencial que constitúe o básico "pode ser completado mediante normas regulamentarias naqueles supostos en que o desenvolvemento normativo con eficacia en toda a Nación veña esixido pola vixencia efectiva das bases establecidas na lei". Por iso, ao declarar o Texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local (RD 781/1986 do 18 de abril) básicos determinados preceptos (Disposición Final 7ª) de sesións, acordos e actas, débese entender que tamén terán este carácter básico os artigos do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales (ROF) que regulamenten esas materias.

A Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local (artigos 20.2 e 32.2) sinala que o regulamento orgánico pode establecer unha organización complementaria, respectando a lexislación básica do Estado e da comunidade autónoma, e ao funcionamento (Título V, Capítulo I desa Lei) no que se inclúe o réxime básico de sesións e acordos, pero tamén normas típicas de procedemento. O Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (RD 781/1986 do 18 de abril), atribúe tamén ao regulamento orgánico da corporación a posibilidade de regular o réxime de sesións (artigo 47).

O Regulamento Orgánico do Concello do Barco de Valdeorras divídese en V títulos, 28 artigos tres disposicións adicionais, unha derogatoria e unha final:

O Título I establece o obxecto do regulamento.

O Título II baixo a rúbrica “Especialidades da organización municipal” enumera os órganos necesarios no Concello, estendendo a competencia da comisión especial de contas aos asuntos relativos a economía e facenda e a formación de áreas de goberno. A sección 1ª dedícase ao funcionamento do pleno, a sección 2ª ao funcionamento da Xunta de goberno local e a sección 3ª ao Funcionamento dos demais órganos necesarios e dos complementarios, de xeito que establecen normas básicas de funcionamento específicas para este Concello e que serán completadas coas normas básicas e supletorias (especialmente o ROF).

O Título III, “Estatuto dos membros da corporación”, concreta determinados dereitos e deberes dos edís.

O Título IV establece normas sobre a constitución dos grupos políticos, os seus voceiros e representantes así como a definición dos concelleiros non adscritos e os seus dereitos políticos e económicos.

O Título V vén a normalizar determinadas obrigas dos concelleiros en relación cos denominados rexistros de intereses e as declaracións que teñen que realizar.

A Disposición Adicional Primeira crea o Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais; a Disposición Adicional Segunda establece a mención á igualdade de xénero, a Disposición Adicional Terceira recorda a aplicación da lexislación vixente, de forma especial do ROF, a Disposición Derrogatoria declara derogadas cantas disposicións municipais regulamentarias sexan contrarias ao presente regulamento e especialmente o Regulamento de Participación cidadá do Concello do Barco de Valdeorras e a Disposición Final sinala o réxime de recursos e a entrada en vigor da norma.

DISPOSICIÓN XERAIS

Título I Obxecto

Artigo 1º. Obxecto

O Concello do Barco de Valdeorras, no exercicio da autonomía constitucionalmente garantida e facendo uso das potestades regulamentaria e de autoorganización, establece mediante o presente regulamento o seu Regulamento Orgánico Municipal.

Título II Especialidades da organización municipal

Artigo 2º. Órganos necesarios

1. Son órganos necesarios do Concello o alcalde, os tenentes de alcalde, o pleno, a xunta de goberno local, as comisións informativas e a comisión especial de contas.
2. A comisión especial de contas actuará como comisión informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda.

Artigo 3º. Áreas de servizo ou goberno

1. O número e a denominación das grandes áreas de xestión dos servizos nas que organice o goberno local e que poden ser obxecto de delegación serán de libre determinación polo alcalde.
2. As áreas de xestión serán incluídas no ámbito de control da xestión do goberno local dunha das comisións informativas que se creen.

Sección 1ª.- Funcionamento do pleno.

Artigo 4º.

1. O pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que determine o propio pleno a proposta do alcalde, respectando a periodicidade mínima legal.
2. O pleno sinalará igualmente os días e horas en que terán lugar ditas sesións, que poderá cambiar en calquera momento posterior. A segunda convocatoria sería dous días despois da sinalada para a primeira convocatoria á mesma hora. Neste caso non sería necesario o envío da orde do día, pero si a notificación da súa celebración en segunda convocatoria.

Artigo 5º. Sesións extraordinarias solicitadas polos concelleiros

1. As sesións extraordinarias, convocadas con tal carácter a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación, deberán pedirse por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben. Tamén deberán acompañar os documentos que teñan que estar ao dispor dos señores concelleiros na secretaría xeral, desde o momento da convocatoria.
2. A relación de asuntos incluídos no escrito de solicitude de sesión extraordinaria non enerva a facultade do alcalde de determinar os puntos da orde do día, agora ben, a exclusión da orde do día dalgún dos asuntos propostos deberá ser motivada.
3. O asunto ou asuntos polos que se solicita a celebración da sesión deben ser ditaminados pola comisión informativa correspondente ou ben ser obxecto de ratificación da súa inclusión na orde do día por maioría simple dos concelleiros presentes. A convocatoria plenaria realizarase coa antelación suficiente para que esta se celebre, a máis tardar, o décimo quinto día hábil ao seguinte ao da presentación da solicitude de celebración da sesión extraordinaria, respectando a antelación mínima legal da convocatoria.

Artigo 6º. Unidade de acto

Calquera que sexa a clase de sesión deberá respectar o principio de unidade de acto, aínda que de estenderse ao día seguinte o alcalde poderá levantar a sesión. Neste suposto os asuntos non tratados serán incluídos na orde do día da seguinte sesión que se celebre.

Artigo 7º. Orde do día

1. A orde do día das sesións será fixada polo alcalde asistido pola secretaría. Así mesmo, poderá solicitar a asistencia dos membros da Xunta de goberno local e consultar, si o estima oportuno, aos voceiros dos grupos existentes na corporación.
2. Nas sesións ordinarias do pleno haberá unha parte dedicada ao control dos demais órganos da corporación para a formulación de mocións, rogos e preguntas. Os grupos municipais poderán formular, como máximo cada un, dúas mocións urxentes, tres rogos e tres preguntas en cada sesión ordinaria do pleno. Se o estima conveniente o alcalde poderá incluír a fase de control nas convocatorias das sesións extraordinarias, sen que, en calquera caso, se podan incluír mocións urxentes.

Artigo 8º. Exame do expediente da sesión

1. Para o caso de que varios concelleiros desexasen examinar os expedientes á vez, distribuiranos entre eles mesmos. De non existir acordo someterase á decisión da Alcaldía, que resolverá distribuíndo o tempo e os expedientes de forma que estes poidan ser vistos por quen daqueles quixesen facelo.
2. O horario para exame de expedientes será o correspondente ao normal de oficina, que poderá ser ampliado pola presidencia cando o número ou a importancia dos asuntos así o requira. Dita ampliación será posta en coñecemento dos membros da corporación e da secretaría.
3. Baixo ningún concepto os expedientes poderán sacarse da secretaría. Polo que nela habilitarase unha sala ou despacho para o exame dos expedientes.

Artigo 9º. Publicidade e participación nas sesións

1. As sesións do pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril.
2. Cando algunha das asociacións ou entidades ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, desexe efectuar unha exposición ante o pleno en relación con algún punto da orde do día na materia da cal se poida estimar que teña interese específico en razón a unha concreta relación do obxecto social estatutario co ámbito do asunto da orde do día, deberá solicitalo por escrito, ao alcalde, polo menos 24 horas antes de comezar a sesión. Coa autorización deste, previa notificación aos voceiros, e a través dun único representante previamente identificado, poderá expor o seu parecer durante o tempo que sinala o/a alcalde/alcaldesa, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.
Admitiranse, como máximo, tres intervencións por asunto. Para o caso de realizarse máis de tres solicitudes de intervención para un asunto terán prelación as tres primeiras presentadas no rexistro de entrada da corporación.
A duración da intervención do representante da asociación será de 5 minutos máximo.
3. Unha vez levantada a sesión do pleno, o alcalde poderá establecer unha quenda por prazo de dez minutos para que o público asistente realice rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal. Correspóndelle ao alcalde ordenar e pechar esta quenda. Excepcionalmente, cando circunstancias de especial relevancia libremente apreciables polo alcalde o esixan, o alcalde poderá ampliar a duración desta quenda noutros dez minutos.
Para o desenvolvemento da quenda de referencia teranse en conta as seguintes normas:
 - a. A petición de participar na quenda en cuestión deberá formularse por escrito coa antelación necesaria para que o alcalde poida dar conta dela, ós voceiros, e neste escrito farase constar de forma breve, pero motivada, o asunto que se pretende tratar que, en todo caso, deberá referirse sempre a un tema incurso na competencia municipal, é dicir, que o Concello poida pronunciarse sobre eles. En caso de discrepancia dos solicitantes sobre a cualificación do tema en relación coa competencia municipal ou a situación pendente de resolución do mesmo, o alcalde,

tras realizar consulta cos voceiros, cualificará a procedencia, ou non, da consideración do asunto.

b. No escrito citarase a persoa que deba intervir en nome propio ou dun colectivo.

c. O escrito de referencia presentarase no rexistro xeral do Concello.

Artigo 10º. Lectura da acta

1. Trala apertura da sesión o secretario procederá á lectura da acta da sesión anterior, agás que se recibise previamente copia da mesma, nese caso tense por lida, e quedará aprobada se ningún dos asistentes formula reparos ante a pregunta da presidencia.

2. Para o caso de realizarse algún reparo a corporación decidirá, por maioría simple, a súa aprobación ou modificación, que en ningún caso afectará ao fondo dos acordos adoptados e só se poderá emendar os meros erros materiais ou de feito. Emendados os erros materiais ou de feito someterase a aprobación a acta emendada.

Artigo 11º. Estudo dos asuntos e debate

1. O estudo dos asuntos iniciarase pola presidencia coa lectura de cada un dos puntos da orde do día e logo a secretaría dará conta de forma sucinta ou íntegra dos ditames elaborados polas comisións informativas. Para o caso de que ninguén pedise a palabra, someterase a votación o acordo que propoña o ditame.

2. Para o caso de que se promova o debate será o alcalde o que ordene as intervencións, conforme ás seguintes regras:

a) Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do presidente.

b) Para a deliberación en cada asunto poderá intervir un único concelleiro por cada grupo municipal.

c) No debate, os diversos grupos consumirán unha primeira quenda. A primeira quenda comezará coa intervención do alcalde, presidente da comisión informativa que ditaminou o asunto ou concelleiro que promova a adopción do acordo. A orde de intervención será pola orde inversa de representantes na corporación e en caso de mesmo número de concelleiros por orde inversa de número de votos obtidos pola formación política na que se presentasen.

d) Os concelleiros que consumiron a súa quenda, poderán volver facer uso da palabra para rectificar concisamente, e por unha soa vez, os feitos ou conceptos que se lle atribuíron, ratificarse na súa proposta ou, no seu caso, modificala. A estes efectos o alcalde concederalles a palabra pola metade do tempo da primeira quenda como máximo. A segunda quenda seguirá o mesmo procedemento que a primeira.

e) Rematada a segunda quenda, ou a primeira para o caso de non ser solicitada unha segunda quenda, rematará o debate coa intervención da presidencia.

f) Cando, no desenvolvemento do debate, se fixesen alusións sobre a persoa ou conduta dun membro da corporación, o concelleiro aludido poderá solicitar do alcalde que se lle conceda o uso da palabra, que será breve e concisa, sen que

poida exceder dun minuto e medio para, sen entrar no fondo do asunto en debate, contestar estritamente ás alusións realizadas.

Cando a alusión afecte á dignidade ou ao decoro dun grupo ou formación política pola que se presentaron os concelleiros que o integran, o alcalde poderá conceder o uso da palabra polo mesmo tempo e nas mesmas condicións que as establecidas no parágrafo anterior.

g) O presidente poderá reducir ou ampliar os tempos de intervención nos debates en razón da importancia ou transcendencia do asunto.

h) Non se admitirán outras interrupcións que as do presidente para chamar á orde ou á cuestión debatida.

i) Os membros da corporación poderán, en calquera momento do debate, pedir a palabra para expor unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma cuxa aplicación reclama. O presidente resolverá o que proceda sen que por este motivo se estableza debate algún.

j) A secretaría e a intervención poderán intervir cando foren requiridos polo presidente por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos ou cando entendan que no debate expúxose algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou puidese ter implicacións económicas poderán solicitar ao presidente o uso da palabra para asesorar á corporación. A presidencia poderá denegar o uso da palabra, pero neste caso a adopción do acordo realizarase coa expresa mención de ausencia de asesoramento da secretaría e/ou da intervención e da denegación do uso da palabra solicitada por estes funcionarios.

k) A intervención normal de cada grupo non excederá de 10 minutos. Nos temas que pola súa importancia ou complexidade así o requiran e a pedimento de calquera voceiro, poderá ampliarse ata o dobre deste tempo. O presidente informará ó pleno a duración das intervencións antes de comezar estas.

l) O tempo que corresponda ao grupomixto poderá repartirse por igual entre os representantes das listas que o integran.

3. A presidencia poderá acordar, durante o transcurso da sesión, que se interrompa a mesma para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida, fixar emendas transaccionais ou para descanso dos debates. Estas interrupcións non terán duración superior a dez minutos.

4. O debate de asuntos conexos poderá realizarse nun único punto da orde do día. Sen embargo, a votación de cada punto incluído na orde do día, a ratificación da inclusión na orde do día dun asunto non ditaminado ou a declaración de urxencia dun asunto non incluídos na orde do día realizarase para cada asunto por separado no punto da orde do día que corresponda.

Artigo 12º. Das votacións

1. Unha vez finalizadas as intervencións, o alcalde poderá dar por acabado o debate, procedéndose, a continuación, á votación dos asuntos debatidos, sen que poida ter lugar unha terceira quenda de explicación de voto.

2. O sistema normal de votación será a votación ordinaria. A votación nominal requirirá a solicitude dun grupo municipal aprobada polo pleno por unha maioría simple en votación ordinaria.

3. Antes de comezar a votación o alcalde expoñerá clara e concisamente os termos da mesma e a forma de emitir o voto para o caso de que a votación non sexa ordinaria así como para o caso de que se esixa unha maioría especial para adoptar o acordo.

En calquera caso o que se votará será a parte dispositiva do ditame, proposición ou moción. A votación será única, é dicir, para a totalidade da parte dispositiva ou resolutiva que se somete a votación, sen que proceda a votación singularizada por puntos, apartados ou artigos.

4. Unha vez iniciada a votación non poderá interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación, a presidencia non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no salón ou abandonalo.

5. Terminada a votación ordinaria, o presidente declarará o acordado e o número de votos a favor, en contra e as abstencións. Para o caso de que a votación se realice polo sistema nominal ou secreto será o secretario quen computará os votos emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal o presidente proclamará o acordo adoptado.

6. A votación para a elección do cargo de alcalde será ordinaria.

7. Na elección dos veciños que integren as mesas electorais nas eleccións non se realizará votación algunha.

Artigo 13º. Deber de abstención

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Ley 7/85, algún membro da corporación deba absterse de participar na deliberación e na votación, deberá abandonar o salón mentres se discuta e vote o asunto, salvo cando se trate de debater a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse.

Artigo 14º. Terminoloxía

Para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

1. Ditame: é a proposta sometida ao pleno pola comisión informativa correspondente. Debe conter unha parte expositiva e un acordo a adoptar.

2. Proposición: é a proposta que se somete ao pleno, relativa a un asunto incluído na orde do día que acompaña á convocatoria, pero que non foi ditaminada pola comisión informativa correspondente. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo, a adoptar. Antes de que o pleno coñeza do asunto será preciso que se ratifique a súa inclusión na orde do día o que precisa acordo da maioría simple dos asistentes á sesión.

3. Moción urxente: é a proposta que, sen estar incluída na orde do día, nas sesións ordinarias, se somete directamente a coñecemento do pleno por calquera membro da corporación. Terá que formularse a través dun escrito dirixido ó presidente e no que se motive debidamente a urxencia, ata as catorce horas do día anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, salvo casos excepcionais que se deriven de circunstancias ou feitos acontecidos nas 24 horas antes á hora para a que se

convocou a sesión ordinaria do pleno, caso no que se permitirá a presentación no momento do inicio do pleno. A presidencia valorará e decidirá a concorrencia da excepcionalidade.

As mocións, para ser obxecto de debate, requiren acordo do pleno sobre a súa urxencia, por maioría absoluta do número legal dos seus membros.

Para isto procederá a xustificar a urxencia. Para o caso de que se solicite a palabra abrirase unha quenda de intervencións, de acordo co artigo 11 do Regulamento, para debater sobre a urxencia do asunto. Para o caso de que non se solicite a palabra, procederá directamente coa votación sobre a urxencia do asunto. Para o caso de acordarse a urxencia iniciárase o debate sobre o asunto. De non acordarse a urxencia non procederá tratar o asunto nesa sesión do pleno.

As mocións trataranse na fase de control aos órganos de goberno, inmediatamente antes dos Rogos e Preguntas.

4. Voto particular: é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte dunha comisión informativa na mesma sesión onde se adopte o ditame. Unha vez se dea conta do ditame, darase conta do voto particular. Cando conclúa o debate sobre o asunto ditaminado, e antes de proceder á votación sobre o mesmo, o pleno votará sobre a modificación do ditame que propón o voto particular, aceptándoa ou rexeitándoa. Para o caso de aceptar o voto particular a proposta que se someterá a votación será a que conteña o ditame coa modificación operada polo voto particular. De rexeitar o voto particular someterase a votación o acordo do ditame tal e como foi informado pola comisión informativa.

5. Emenda: é a proposta de modificación dun ditame, proposición ou moción presentada por calquera membro mediante escrito presentado ao presidente ou polo rexistro de entrada de documentos da corporación. De presentala durante a mesma sesión, será preciso presentar a emenda por duplicado dando unha copia ao alcalde e outra copia á secretaría.

A emenda será de supresión cando se dirixa a eliminar do texto inicial do ditame, proposición ou moción, algún dos puntos ou aspectos.

A emenda será de modificación, cando pretenda transformar ou alterar algún ou algúns dos puntos das propostas de acordo ou dos textos iniciais da proposición ou moción.

A emenda será de adición, cando respectando o texto da proposta de acordo ou dos textos iniciais da proposición ou moción se dirixa á súa mellora e ampliación.

A emenda será transaccional cando, por acordo de dous ou mais grupos municipais cada un deles retire as súas emendas ou propostas para que prospere outra consensuada entre todos eles.

Soamente se admitirán emendas orais, cando teñan por finalidade emendar erros materiais, incorreccións técnicas ou semánticas ou simples omisións.

Para o caso de presentarse emendas, unha vez se teña dada conta do ditame, proposición ou moción, darase conta pola Alcaldía da súa formulación e concederáselle a palabra ao concelleiro que a presentase para que dea conta da mesma ao pleno. Para o caso de instarse o debate este será nunha única quenda na que poderá intervir 5 minutos o ponente e 5 minutos cada un dos grupos municipais, pechando o debate, se o estima, o alcalde. No caso de que as emendas

sexan aceptadas, procederase ao debate do ditame, proposición ou moción emendada de acordo co artigo 11. Para o caso de ser rexeitada a emenda, tralo debate para o caso de que se inste, someterase a votación a proposta de acordo ou texto do ditame, proposición ou moción iniciais.

6. Rogo é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal. Os rogos formulados no seo do pleno non poderán ser debatidos nin sometidos a votación, sen prexuízo de que os que se formulen ao alcalde ou concelleiro delegado, se este o estima, poidan ser obxecto de aclaración ou resposta na mesma sesión ou por escrito. Neste caso, a continuación, o concelleiro proponente poderá facer novamente uso da palabra e, tras outra intervención para responder, o debate terase por finalizado. Ningunha destas intervencións poderá exceder de 5 minutos.

Poden expor rogos todos os membros da corporación, ou os grupos Municipais a través dos seus voceiros.

7. Pregunta é calquera cuestión exposta aos órganos de goberno no seo do pleno. Poden expoñer preguntas todos os membros da corporación, ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.

As preguntas formuladas por escrito con carácter previo ou oralmente no transcurso dunha sesión, serán contestadas pola persoa a quen van dirixidas. O destinatario poderá optar por responder na propia sesión na que se realicen ou na sesión seguinte.

Se a persoa preguntada dera resposta á pregunta na mesma sesión, a súa intervención non poderá ter unha duración superior a 5 minutos.

8. Dación de conta é a documentación que se pon en coñecemento da corporación municipal, e se lles pon a disposición xunto co expediente do pleno, para que poida ser examinada polos concelleiros. Inclúese no último punto da fase de control aos órganos de goberno. Non será obxecto de debate, sen prexuízo de que se realicen preguntas ou rogos que se refiran a esa documentación nos correspondentes puntos de rogos e preguntas da fase de control aos órganos de goberno.

Artigo 15º. Alteración da orde da sesión

O alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou calquera outra persoa ou entidade.
- b) Produza interrupcións ou de calquera outra forma altere a orde das sesións.
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fose concedida ou unha vez que lle foi retirada.

Tras tres chamadas á orde na mesma sesión (ou dúas chamadas á orde no debate dun mesmo asunto), coa advertencia na última das consecuencias dunha nova chamada, o presidente poderá ordenar a un concelleiro que abandone o local en que se está celebrando a reunión, e adoptará as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

Sección 2ª.- Funcionamento da Xunta de goberno local

Artigo 16º. Sesións e reunións da Xunta de Goberno

1. O alcalde convocará a sesión da Xunta de Goberno Local para que se constituía +dentro dos 15 días seguintes a aquel no que este designara aos membros que a integran.

2. As sesións ordinarias terán lugar semanalmente.

3. Corresponde ao alcalde fixar mediante decreto o día e hora das sesións ordinarias.

4. As sesións extraordinarias e as extraordinarias urxentes terán lugar cando con tal carácter sexan convocadas polo alcalde.

5. O alcalde poderá, en calquera momento, reunir á Xunta de goberno local cando o estime necesario para coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan. Estas reunións non precisan da asistencia da secretaría nin da intervención e delas non se levantará acta, nin darán dereito a percepción de indemnizacións.

6. As sesións da Xunta de goberno local axustaranse ao disposto neste Regulamento e na lexislación vixente para as sesións deste órgano e do pleno coas seguintes especificacións:

a) Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de 24 horas, salvo nos casos de sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na Orde do Día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos seus membros. O inicio do cómputo das 24 horas contarase de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e minuto en que teña lugar a notificación da convocatoria.

b) As sesións da Xunta de goberno local non serán públicas, sen prexuízo da publicidade dos acordos e da súa comunicación á Administración Estatal e Autonómica. Ademais no prazo de dez días deberá enviarse a todos os membros da corporación copia da acta. Non obstante, serán públicas cando o asunto a tratar o sexa por delegación de pleno.

Sección 3.-ª Funcionamento dos demais órganos necesarios e dos complementarios.

Artigo 17º. Outros órganos do Concello

Son tamén órganos complementarios do Concello:

- Os concelleiros delegados.
- Os representantes persoais do alcalde nas parroquias.

Artigo 18º. Concelleiros delegados

Os concelleiros delegados son aqueles que ostentan, dentro das súas respectivas áreas de servizos, todas aquelas facultades, dereitos ou deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinarmente as atribucións.

Artigo 19º. Representantes persoais do alcalde

1. Os representantes persoais do alcalde nas parroquias, comunmente denominados alcaldes de barrio, son os representantes do alcalde que os nomeou nos núcleos de poboación separados do centro urbano e que non constituían entidade local.
2. Serán nomeados entre os empadroados na parroquia e a duración do cargo estará suxeita á do mandato do alcalde que o nomeou, quen poderá cesalo cando o xulgue oportuno. Para a elección e posterior nomeamento a Alcaldía potenciará a participación dos veciños da parroquia.
3. Os alcaldes de barrio terán carácter de autoridade no cumprimento dos cometidos municipais que se lle encomenden.
4. Os alcaldes de barrio non poden recibir ningún tipo de retribución polos cometidos que se lle encomenden, non constituíndo estes cometidos un traballo e, obviamente, carecerán de vinculación laboral co Concello.

Título III.- Estatuto dos membros da corporación

Artículo 20º. Dos dereitos e deberes dos concelleiros.

1. Os concelleiros están obrigados ó estrito cumprimento dos deberes e obrigas establecidos na lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o establecido neste regulamento e gozan, unha vez que tomen posesión dos seus cargos, dos dereitos, honras, prerrogativas e distincións propias dos mesmos que se establecesen nas anteriores disposicións.
2. Quen ostente a condición de membro da corporación quedará, non obstante, suspendido nos seus dereitos, prerrogativas e deberes cando unha resolución xudicial firme condenatoria o comporte.

Artigo 21º. Do dereito a percibir retribucións, indemnizacións e asistencias.

Os concelleiros terán dereito a percibir as retribucións, indemnizacións e asistencias que sexan precisas para o exercicio digno e eficaz das súas funcións, de acordo coa lexislación vixente, as normas establecidas neste regulamento e nos presupostos municipais e os correspondentes acordos plenarios.

Artigo 22º. Dereito a información nos supostos nos que non exista dereito a acceso directo e consulta de libros de actas e resolucións

1. Cando un membro da corporación reclame calquera tipo de información, deberase atender a facilitala coa maior dilixencia posible, sempre que se axuste á legalidade. Non obstante, cando a petición sexa de difícil cumprimento pola súa extensión ou cando o traballo de facilitarlle supoña prexuízo para o servizo correspondente, poderá demorarse a información mediante decisión motivada. As solicitudes de petición de información deberán realizarse por escrito presentado perante o rexistro xeral do Concello. Procurarase que a petición de información sexa, simplemente, dar vista no expediente e evitarse, na medida do posible, a emisión de fotocopias sendo

substituída a documentación que precisen por documentos escaneados que serán facilitados por medios telemáticos.

A consulta de calquera tipo de documentación deberá realizarse sempre nas dependencias nas que se atope, sen que en ningún caso poida sacarse delas a documentación orixinal.

Os concelleiros velarán porque a atención das súas peticións de información non entorpezan o normal funcionamento da dependencia correspondente.

Os concelleiros teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten, especialmente aquelas que sirvan de antecedentes para decisións que se atopan pendentes de adoptar e queda expresamente prohibida a reprodución exacta da documentación facilitada para o seu estudo nin a súa gravación por calquera medio. A Alcaldía poderá sancionar os edís polo incumprimento destas obrigas, nos termos que se establezan polas leis do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os libros de actas e de resolucións consultarase preferentemente mediante medios electrónicos de forma que a manipulación dos documentos orixinais sexa a menor posible. Para o caso de que se solicite acceso a consulta dos libros de actas e dos libros de resolucións orixinais soamente se poderá realizar na secretaría ao atoparse baixo a custodia do seu titular.

Artigo 23. Dos deberes dos concelleiros.

1. Os concelleiros deberán respectar en todo momento as normas sobre incompatibilidade e deberán poñer en coñecemento da corporación calquera feito que puidese constituír causa da mesma.

2. Os concelleiros formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos. Os concelleiros formularán tamén declaración dos seus bens patrimoniais. As dúas declaracións levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e cando se modifiquen as circunstancias de feito e inscribíranse nos rexistros de intereses.

3. Cando nun edil concorra unha causa de incompatibilidade e esta sexa declarada polo pleno da corporación, a persoa afectada por tal declaración deberá optar, no prazo dos dez días seguintes a aquel no que reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia á condición de concelleiro, ou o abandono da situación que dea orixe á referida incompatibilidade.

4. Transcorrido o prazo sinalado no número anterior sen ter exercitada a opción entenderase que o afectado renunciou ó seu posto de concelleiro, declararase polo pleno a vacante correspondente e poñerase en coñecemento da Administración Electoral ós efectos previstos no artigo 182 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen electoral general.

5. Todos os concelleiros teñen o dereito e o deber de asistir, con voz e con voto, ás sesións do pleno e ás daqueles outros órganos colexiados dos que formen parte, salvo xusta causa que o impida e que deberán comunicar coa antelación necesaria ó alcalde ou presidente efectivo.

6. As ausencias dos membros das Entidades Locais fóra do termo municipal que excedan de 8 días, deberán ser postas en coñecemento do alcalde, facéndoo por escrito, ben persoalmente ou ben a través do voceiro do grupo político, concretando, en todo caso, a duración previsible das mesmas.

7. A Alcaldía poderá sancionar con multa os concelleiros por falta inxustificada de asistencia ás sesións ou incumprimento reiterado das súas obrigas, nos termos que determine a lei da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Estado.

8. Os concelleiros absteranse nas deliberacións, dictames, informes, votacións e calquera outro tipo de actuacións cando concorran as causas de abstención previstas na lexislación aplicable, debendo poñerse inmediatamente, e por escrito, en coñecemento do alcalde ou de quen ostente a presidencia do órgano e, en todo caso, da secretaría xeral da corporación.

9. Os membros da corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles facilite para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente da informacións que serva de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que poda serlles facilitada, en orixinal ou en copia, para o seu estudo.

10. Os concelleiros teñen a obriga de presentar a credencial outorgada pola Administración electoral ante o secretario do Concello, achegar documento de acreditativo da identidade e as declaracións de causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas, así como información das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, con carácter previo á toma de posesión.

11. Os concelleiros non poderán invocar ou facer uso da súa condición para o exercicio de actividades privadas.

TÍTULO IV Dos grupos políticos

Artigo 24º. Constitución dos grupos políticos municipais

1. Os membros da corporación a efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

2. Cada partido político, federación, coalición o agrupación constituirá un único grupo, agás nos supostos contemplados na lexislación vixente.

3. Para constituír grupo político municipal requíranse un mínimo de dous concelleiros.

4. O grupo mixto estará constituído polos concelleiros das listas electorais que non tivesen acadado o número de concelleiros suficientes para constituír grupo municipal propio. No suposto de que non existira grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivera un só representante.

5. En ningún caso poderán constituírse en grupo municipal separado os concelleiros que pertenzan a unha mesma lista electoral, agás nos supostos contemplados na lexislación vixente.

6. Durante o mandato da corporación ningún membro poderá integrarse nun grupo distinto daquel no que o fixera inicialmente.

7. Os membros da corporación que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista electoral pola que fosen elixidos, ou, no seu caso, ao grupo mixto, mediante escrito dirixido ao alcalde cursado no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día da toma de posesión do cargo. A este escrito deberán acompañar a conformidade do voceiro do grupo ao que se incorpore, agás no caso da incorporación obrigatoria no grupo mixto.

Artigo 25°. Voceiro

1. Será voceiro de cada grupo político municipal, o que designe cada grupo no momento da súa constitución ou ben o que posteriormente sexa designado pola maioría dos seus compoñentes. Os grupos políticos municipais poderán designar 2º e 3º voceiro.

2. No caso do grupo mixto poderá establecerse unha quenda rotativa para desenvolver a función de voceiro.

3. O voceiro de cada grupo será o encargado de intervir, normalmente, nas deliberacións dos asuntos.

Artigo 26°. Designación de representantes

Corresponde aos grupos políticos designar, mediante escrito do seu voceiro dirixido ao presidente, a aqueles dos seus compoñentes que os representen nos órganos colexiados integrados por membros da corporación pertencentes aos diversos grupos.

Artigo 27°. Concelleiros non adscritos

1. Terán a condición de concelleiros non adscritos os concelleiros que non se integren ou que non fiquen integrados no grupo político constituído polos demais concelleiros escollidos na candidatura da formación política pola que se presentaron.

2. Os concelleiros que adscritos inicialmente a un grupo desexen abandonalo, deberán dirixirse por escrito ao alcalde e a efectividade do abandono do grupo municipal ó que pertencía será dende a data de presentación do escrito no rexistro xeral do Concello. No caso de seren expulsados dun grupo político, o voceiro do mesmo presentará un escrito dirixido ao alcalde no que se poña de manifesto de xeito fidedigno e se acredite dita expulsión.

3. A consideración dun concelleiro como non adscrito non menoscabará, en ningún caso, os dereitos e obrigas que en canto á participación na organización municipal corresponde a todo concelleiro. Terán o dereito de asistir ás comisións informativas convocadas de acordo co previsto neste regulamento e terán nas

mesmas dereito de voto. Se o número de concelleiros non adscritos impide que a composición das comisións informativas se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na corporación, dita proporcionalidade volverase a calcular.

4. Os concelleiros non adscritos, calquera que sexa o seu número, non poderán integrarse noutro grupo político nin constituílo, polo que a súa actuación corporativa desenvolverase de xeito illado.

5. Os concelleiros non adscritos soamente terán os dereitos económicos e políticos que individualmente lles correspondan como membro da corporación e estes, en ningún caso, poderán ser superiores aos que lles corresponderían de permanecer no grupo de procedencia.

6. Ao non estar integrado nun grupo político o concelleiro non adscrito non terá dereito a obter as dotacións económicas ás que se refire 73 da Ley 7/1985, de 2 de abril.

7. O tempo no que poderá facer uso da palabra nas sesións o concelleiro non adscrito será como máximo a metade do que lle correspondería a un grupo político sen que poida superar o tempo que lle correspondería de pertencer ao grupo mixto e repartir por igual o tempo entre os seus integrantes incluíndo no cómputo os concelleiros non adscritos.

8. Como máximo cada concelleiro non adscrito corresponderalle realizar en cada sesión ordinaria unha moción urxente, un rogo e unha pregunta.

9. Estas previsións non serán de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cando algún dos partidos políticos que a integren decida abandonala.

TÍTULO V Rexistro de intereses

Artigo 28º. Rexistro de intereses

1. O pleno da corporación aprobará os modelos de declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades e de causas de posibles incompatibilidades e relación de actividades.

2. Durante os meses de xullo dos anos do seu mandato, todos os concelleiros que compoñen a corporación municipal teñen a obriga de presentar ante o secretario, debidamente cuberta:

- A declaración de bens e dereitos patrimoniais e da participación en sociedades.
- Copia compulsada da liquidación do Imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio anterior ou, en caso contrario, manifestación expresa de non ter obriga de declarar no modelo de declaración.
- Copia compulsada do Imposto sobre Sociedades e Patrimonio do exercicio anterior, ou, en caso contrario, manifestación expresa de non ter obriga de declarar no modelo de declaración.
- A declaración de causas de posible incompatibilidade e relación de actividades, para o caso de que se producira algunha variación nos datos declarados.

3. Ademais, calquera modificación dos datos declarados deberá notificarse no mes seguinte á secretaría.

4. De todas as declaracións que se presenten entregarase unha copia dilixenciada ao interesado e o orixinal quedará na secretaría durante o mandato do declarante, para a súa custodia en lugar pechado.

Ao rematar o mandato da corporación as declaracións presentadas ao iniciarse ou as que foron presentadas durante o mesmo encadernaranse e arquivaranse definitivamente.

O secretario/a municipal velará polo cumprimento desta obriga, poñendo, se fose o caso, en coñecemento da autoridade competente a omisión da mesma.

5. Para salvaguardar a privacidade e seguridade dos membros da corporación disociaranse, tendo en conta a Ley orgánica 13/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais como: DNI, enderezos, números de teléfono, números de contas bancarias, matrículas de automóbiles e calquera outro que corresponda en aplicación da citada normativa, así como os datos que permitan a localización concreta dos seus bens (referencias catastrais, números fincas rexistras, etc.). Especialmente omitiranse os datos de terceiras persoas que aparezan na documentación presentada.

6. Os datos persoais que serán tratados no ficheiro “registro de intereses das corporacións municipais do Concello do Barco de Valdeorras”. O/A interesado/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, polos motivos indicados na Lei orgánica 15/1999, presentando a solicitude no rexistro xeral do concello.

Disposición adicional primeira. Rexistro Municipal de Asociación Veciñais

1. Créase o Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello do Barco de Valdeorras coa finalidade de dar cumprimento ao previsto no artigo 72 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local e os artigos 28, 130, 228, 232 a 236 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.

2. Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais todas aquelas asociacións cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio e, en particular, as asociacións de veciños dun barrio ou distrito, as de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outras similares.

4. O Rexistro levarase na secretaría xeral da corporación e os seus datos serán públicos. As inscricións realizaranse por solicitude das asociacións interesadas, que haberán de achegar os seguintes datos:

- a) Estatutos da asociación ou entidade.
- b) Número de inscrición no Rexistro xeral de Asociacións e noutros Rexistros públicos.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio social.

- e) Presuposto do ano en curso.
- f) Programa de actividades do ano en curso no termo municipal.
- g) Certificación do número de socios.
- h) Certificación dos ingresos por cota de asociado e do número de asociados
- i) Número de célula de identificación fiscal (CIF) da entidade

No prazo de quince días dende a solicitude de inscrición, e salvo que este houberse de interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta para todos os efectos.

As asociacións inscritas están obrigadas a notificar ao Rexistro toda modificación dos datos dentro do mes seguinte ao que se produza. O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello poida dar de baixa á asociación no Rexistro.

Disposición adicional segunda. Igualdade de xénero

A expresión alcalde interpretarase como alcalde/alcaldesa, o /os tenente/s de alcalde como o/a/os/as tenente/s de alcalde, o/os concelleiro/a como o/a/os/as concelleiros/as, o/os concelleiros delegados como o/a/os/as concelleiros/as delegados/delegadas, o/os delegado/s como o/a/os/as delegados/delegadas, o/os cidadán/s como o/a/os/as cidadáns/ cidadás, o/os presidente/s como o/a/os/as presidentes/presidentas, o/os membro/s como o/a/os/as membro/s, o/os funcionario/s como o/a/os/as funcionarios/funcionarias, o/os o/os secretario/s como o/a/os/as secretarios/secretarias, o/os voceiro/voceiros como o/a/os/as voceiro/voceiras.

Disposición adicional terceira. Lexislación vixente aplicable

En todo o non previsto no presente Regulamento, aplicarase a lexislación vixente entre a que se atopa o Real de Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamento y réxime jurídico de las entidades locales.

Disposición Derrogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións municipais regulamentarias sexan contrarias ao presente regulamento. Expresamente coa aprobación definitiva e entrada en vigor do presente regulamento queda derogado o Regulamento de Participación Cidadá do Concello do Barco de Valdeorras aprobado inicialmente o 3 de febreiro de 2011 polo pleno da corporación.

Disposición Final. Entrada en vigor e recursos.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente, trala publicación completa do seu texto e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 da Ley 7/1985, de 2 de abril.

Contra a aprobación definitiva da modificación deste regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.”

Segundo: dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición de anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo indicado no anterior parágrafo.

5º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, bonificación ICIO solicitada por Manuel Arias Martínez

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, di o sr. Alcalde que son obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en Veigadecabo, Polígono 22 Parcelas Catastrais 283, cunha bonificación do 75%.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese social e histórico-artístico, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición presentada pola Concelleira delegada de Cultura e Educación do Concello do Barco de Valdeorras, relativa a “Declaración do ano 2016 como Ano das Irmandades da Fala”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédese a palabra á concelleira delegada de Cultura e Educación, sra. Pizcueta Barreiro, quen dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 16 de maio cúmprense 100 anos da creación, na cidade da Coruña e promovida entre outros por Antón Vilar Ponte e Micaela Chao (a única muller que asistiu ao acto e que non queremos borrar da historia), da primeira Irmandade da Fala.

Esta organización, que despois se estenderá a numerosas cidades de Galicia, Arxentina e Cuba, nace coa finalidade de promover e espertar a afección e ao amor dos galegos e galegas polo seu e de defender o uso do galego como lingua vehicular en todos os ámbitos da sociedade (reclamando a presenza da lingua no ensino, na administración, a xustiza, etc).

Outro dos seus logros máis importantes foi a creación da revista Nós, que dá nome á xeración literaria máis importante da cultura galega da que forman parte figuras como Castelao, Cuevillas, Vicente Risco e Otero Pedraio. O programa destes senlleiros persoeiros consistiu en sacar a cultura do folclorismo, facéndoa universal e moderna ao entrar en contacto coas ideas estéticas europeas.

É Castelao, quen como deputado do Partido Galeguista durante a Segunda República, levas ás Cortes Españolas a proposta do Estatuto de Autonomía (cuxa aprobación foi truncada por mor do golpe militar e a Guerra Civil Española).

Comeza así para o galego a “longa noite de pedra”, como chamou Celso Emilio a este período no que a represión rematou coas actividades das Irmandades que foron absorbidas por agrupacións políticas e organizacións culturais.”

Explica a sra Pizcueta Barreiro que é un feito que a realidade galega, tanto administrativa, como política ou como socio-cultural, é o que é grazas a esta organización. Segue a concelleira a ler a proposición presentada:

“Por todo isto, e considerando que a Galicia de hoxe non sería a mesma sen todos os que traballaron no desenvolvemento da conciencia de Galicia e na recuperación da lingua, da cultura e da identidade (e entre eles os impulsores das Irmandades foron figuras chave) instamos á Xunta de Galicia, xa que estatutariamente ten a obriga de defender e fomentar a nosa cultura e a nosa lingua, a:

Que declare o ano 2016 “Ano das Irmandades da Fala”

Que estableza un programa de actividades a través das cales a sociedade galega coñeza a relevancia e a importancia que esta entidade tivo na consecución dunha Galicia máis culta, máis xusta e máis comprometida consigo mesma.

Que habilite unha partida orzamentaria para que os organismos encargados poidan levar a cabo este programa.”

Fai uso da palabra o concelleiro sr. Pérez Roca para dicir que con respecto á Moción presentada polo Partido Socialista, quería preguntar, antes de entrar un pouco no seu contido, se esta é unha Moción das que se presentan en

todos os Concellos, e que se trasladan dende a grupos políticos a nivel autonómico ou estatal, ou se é unha Moción de iniciativa propia.

Contesta a sra. Pizcueta Barreiro dicindo que xa foi promovida en varios Concellos polos diferentes departamentos de cultura e de educación e que no mes de abril xa foi discutida no Pleno da Xunta de Galicia e aprobada por unanimidade.

Prosegue co uso da palabra o sr. Pérez Roca quen di que preguntou pois pensou que non sabía a concelleira que a Moción xa fora presentada a través dunha proposición non de lei no Parlamento autonómico pola que se insta á Xunta de Galicia á declaración do ano 2016 como Ano das Irmandades da Fala, así como á realización dun programa de actividades para divulgar dita labor. Di que esta proposición non de lei foi unha iniciativa do BNG apoiada polo Partido Popular e despois por todos os grupos da cámara galega, e que non vai a expoñer os seus argumentos porque van na mesma liña que o que se fixo no Parlamento de Galicia polo seu grupo político. Di o concelleiro que o seu Grupo púxose en contacto con responsables da Secretaría de Cultura da Xunta de Galicia para saber que se había feito sobre este tema e en qué situación estaba actualmente e que lle manifestaron que estaban á espera en próximas datas de que tanto o Consello de Cultura de Galicia como a Real Academia Galega da Lingua e outros organismos e colectivos sociais de Galicia, se sumaran a esta iniciativa con propostas concretas para realización dos correspondentes programas para facer do ano 2016 o Ano das Irmandades da Fala. Di que nese sentido traballo hai feito polo que non sabe porqué realmente ven a moción ao pleno, cando xa se aprobou no Parlamento galego por unanimidade dos grupos políticos.

Fai uso da palabra o sr. García Yáñez para dicir que vai a apoiar a Moción pois o seu Grupo cre que a defensa da cultura e da lingua galega é prioritaria, que lles parece moi ben dedicar un ano á conmemoración das Irmandades da Fala pero que non están de acordo con todos os argumentos que se empregaron xa que ao seu xuízo a Irmandade da Fala naceu como reacción á perda de poder económico e político da fidalguía que intentou ampararse no folclorismo galego, que aínda que hai grandes persoeiros galegos que merecen o seu recoñecemento, como Castelao ou Vilar Ponte, pola súa traxectoria político-social e de mártires da causa galega, non están de acordo que se inclúa, por exemplo, a Vicente Risco, un racista, reaccionario e ideólogo da escuridade, que tal é así que ten algunhas publicacións que son claramente vomitivas, como unha historia dos xudeus ou unha historia do demo, e que ademais ese home apoiou o golpe de estado do xeneral Franco e que na posguerra viviu moi ben porque se dedicou a

encomiar ao réxime franquista. Remata o voceiro dicindo que aínda que lles parece moi positivo o papel das Irmandades da Fala, no recoñecemento do papel dos galegos e de Galicia como nación, hai que empezar a delimitar porque non todos os galegos por ser galegos son bos, nin todos os casteláns por ser casteláns son malos, sempre hai claroscuros.

Fai uso da palabra a sra. Pizcueta Barreiro quen di que efectivamente o tema da Moción discutiuse xa no Parlamento galego, pero que non quería que o Concello do Barco quedase como algo descolgado desa petición, que de todas formas pódese votar en contra da Moción, que lles parecía interesante que o Concello do Barco se sumase á petición.

Fai uso da palabra o sr. Pérez Roca quen di que o seu Grupo vai a votar a favor, pero que ás veces dúplícanse as cousas e que ó mellor o departamento de Cultura do Concello do Barco tería que poñerse en contacto coa Xunta, unha vez que se aprobou a Moción polo Parlamento, para saber o que se había feito.

Di a sra. Pizcueta Barreiro que como non hai absolutamente nada feito de momento, e xa é día 3 de decembro e o ano 2016 comeza dentro de 28 días, pensa que ó mellor é necesario facerlle chegar un recordo, pois igual dende abril que se aprobou a moción no Parlamento xa se esqueceron do compromiso adquirido.

Di o sr. Pérez Roca que acaba de recordar que se puxo en contacto coa Xunta e lle comentaron a situación, que, como xa dixo, están a expensas da contestación de certos organismos.

Di a sra. Pizcueta Barreiro que tamén certos organismos están á espera de saber cá é o orzamento do que dispoñen para poder programar.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que en calquera caso o que está claro é que o texto que se aprobou no Parlamento galego instaba á Xunta de Galicia a que fixera cousas e de momento están esperando a que outros lle digan o que quere que faga, e que non ten nin partida orzamentaria polo que ven ben recordarlle que hai que facer o que se aprobou.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Instamos á Xunta de Galicia, xa que estatutariamente ten a obriga de defender e fomentar a nosa cultura e a nosa lingua, a:

1) Que declare o ano 2016 “Ano das Irmandades da Fala”

2) Que estableza un programa de actividades a través das cales a sociedade galega coñeza a relevancia e a importancia que esta entidade tivo na consecución dunha Galicia máis culta, máis xusta e máis comprometida consigo mesma.

3) Que habilite unha partida orzamentaria para que os organismos encargados poidan levar a cabo este programa.

2. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción presentada polo Grupo Mixto relativa a “*esixir a dimisión do Presidente da Deputación Provincial de Ourense*”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez quen dá lectura da Moción presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a denuncia presentada á fiscalía por unha muller contra José Manuel Baltar Blanco por actualizar o medieval *dereito de pernada* a cambio dun posto de traballo, manifestamos a nosa máis firme repulsa ao presidente da Deputación provincial. Non é de recibo que quen un día si e outro tamén enxalza nos medios informativos o que el chama “A Ourensanía”, como arquetipo dos valores cívicos provinciais, se vexa envolto nun *affaire* destas características.

Tanto pai como fillo representan para os cidadáns a imaxe de apropiación e patrimonialización das institucións mediante redes clientelares e prácticas antidemocráticas. Os feitos demostran que a suposta prevenda, con alta carga de desprezo ás mulleres, foi anterior a súa chegada ao cargo, pois tiña claro que el iba a ser o sucesor do seu pai.

Fronte a denuncia, Baltar fillo, enganchado na presunción de inocencia mostra a súa incapacidade o falta de vontade para diferenciar entre o que son as responsabilidades penais, e as responsabilidades políticas que resultan inescusábeis nun caso non só de nepotismo, senón de violencia machista. Tal é así que o Comité de Ética da corporación provincial acaba de dimitir en pleno pola negativa de Baltar a aportar calquera dato. É especialmente de agradecer que persoas que foron elixidos para formar parte desde comité de ética teñan a capacidade de decidir en liberdade e ser consecuentes coa función de *control das condutas e comportamentos* dos cargos públicos, pero tamén de transmitirnos a *inutilidade e inoperancia*, que na súa opinión puideran ter ante os procedementos. Máxime cando foi o Comité de Ética unha aposta e sinal de bandeira do goberno de José Manuel Baltar na Deputación que comezou a andar en abril de 2014, e do que subliñamos do Código Ético que se redactou entón, entre outros os estándares

de conduta que debe cumprir o cargo público *“non debe conducir a súa conduta de tal modo que poida prexudicar a imaxe da organización que representa ante a cidadanía ou afectar á súa propia reputación institucional; non debe utilizar en ningún caso a súa posición institucional co fin de obter vantaxes para si ou procurar vantaxes ou desvantaxes para calquera outra persoa ou entidade, salvo nos supostos de discriminación positiva recoñecidos legalmente; garantirán un trato igual sin discriminación ningunha por calquera tipo de razóns tanto á cidadanía como ás diferentes entidades ou organización”*.

Como representantes dos ourensáns, neste caso dos veciños de O Barco, queremos reafirmar a nosa solidarizade e apoio ás vítimas da violencia machista, expresada de forma unívoca na moción presentada polo Grupo de Goberno e aprobada por unanimidade no pasado pleno do día cinco de novembro. Reiteramos que xamais pode haber escusas nin razóns que xustifiquen as aptitudes de acoso sexual por parte de ninguén, máis aínda dun representante público. A democracia, o respecto ás mulleres, está por riba de calquera chantaxe sexual ou laboral que poña en cuestión o funcionamento das institucións políticas. Ante unha conduta persoal cunha falta tan evidente e sesgo machista, só podemos requirirlle como cidadáns unha resposta digna dun político dimitindo do seu cargo.

Por todo iso o Grupo municipal de Riada Cidadá propón os seguintes

ACORDOS

1º- Expresar a nosa máis enérxica repulsa ao abuso de poder exercido dende o poder político, neste caso na Deputación provincial, que se aproveitan da necesidade e precariedade laboral das mulleres.

2º- Esixir a dimisión do Presidente da Corporación provincial José Manuel Baltar Blanco, que coa súa persistencia no cargo, cada día que pasa, so incrementa o deterioro da imaxe da Deputación, da provincia e dos seus veciños.”

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que o sr García Yáñez está a falar duns feitos dos que teñen coñecemento a través dos medios de comunicación e que de momento non transcendeu nin o contido nin a denuncia. Di que nun proceso penal hai cinco puntos en función da fase do proceso na que se atope, citándoos a continuación: investigado, procesado, acusado, axuizado e condenado ou absolto, e que o sr. García Yáñez chega á última fase e que de momento sábese que a fiscalía arquivou o caso, polo que non se pode falar de responsabilidades políticas, e que por suposto o voto do seu Grupo vai a ser en contra.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sr. Alonso Araujo que di o Código Ético e de Conduta da Deputación de Ourense recolle como principios que os cargos políticos teñen que promover a igualdade de mulleres e homes, teñen que garantir un trato igual sen discriminación en todos os seus actos, teñen que asumir a súas responsabilidades políticas ou xestoras se cometen unha mala ou

equivocada decisión, deben exercer a exemplaridade por ser o espello onde se mira a cidadanía e deben eludir calquera acción ou omisión que poidan prexudicar nin minimamente a imaxe institucional. Prosegue dicindo o concelleiro que se dá a situación kafkiana de que a primeira vez que ía actuar o Comité de Ética de Deputación tivo que dimitir das súas actuacións porque tiñan que decidir sobre un acto do propio Presidente da Deputación. Di o voceiro que certamente un procedemento xudicial é o que explicou o voceiro do Grupo Municipal do PP pero que hai que diferenciar entre unha situación de axuizamento dunha persoa e unha situación de responsabilidade política, que aínda que a fiscalía pide archivar a denuncia, a nivel político o sr. Baltar, ante a máis mínima dúbida sobre a súa conduta, debería dimitir. Di que dende o Partido Socialista lles gustaría escoitar unha desculpa pública do Presidente da Deputación non só a muller que o denunciou senón a todas as mulleres da provincia e en particular ás vítimas da violencia machista, e que dende o seu Partido queren manifestar a máis enérxica repulsa a estes feitos concretos en particular e a calquera outro tipo de feito de violencia de xénero.

Di o sr. García Yáñez que quere aclarar que a fiscalía non aceptou a trámite a denuncia pero que a denunciante foi ao xulgado a presentala polo que ó final será o xuíz quen valore as probas, e que falando das probas toda a xente pode escoitar por internet as conversacións gravadas e tamén se poden ver as mensaxes que lle mandaba o sr. Baltar para citala nun hotel. Di o concelleiro que é un asunto bastante escabroso e que o mellor que pode facer o Presidente da Deputación é dimitir para que non se investigue máis, posto que se pode chegar a que Ourense personifique no século XXI os burgos podridos dos anos 30, como denunciaba o presidente Manuel Azaña neses anos, onde a colisión entre o poder político, o caciquismo e o poder fiscal, fan que a cidade sexa irrespirable un mínimo de aire de liberdade.

Di o sr. Alonso Araujo que o Partido Socialista vai a votar a favor da Moción.

Fai uso da palabra o secretario municipal para advertir que non constan informes da Secretaría sobre a legalidade do acordo que se propón, que non foi examinado por ese funcionario, que a redacción do acordo pode conculcar a legalidade, especialmente no que se refire á afirmación da existencia de abuso de poder, e que, en calquera caso, o acordo non entra dentro das competencias do pleno municipal.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que o que se está a debater é esixir a dimisión do Presidente da Corporación Provincial por estes feitos, que si

hai algunha información que poda ser equívoca, neste caso entende que pode ser polo primeiro punto da Moción, que supón que o asinante da Moción ao haber dúbidas ao respecto pode retirar o primeiro punto da mesma.

Sométese a votación e apróbase a emenda verbal, cos votos favorables de todos os concelleiros agás os integrantes do Grupo Municipal del Partido Popular que se abstiveron, quedando como proposta de acordo unicamente o segundo punto da Moción presentada.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por once votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández e García Yáñez) e 5 votos en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García), adopta o seguinte acordo:

-Esixir a dimisión do Presidente da Corporación provincial José Luis Baltar Blanco, que coa súa persistencia no cargo, cada día que pasa, so incrementa o deterioro da imaxe da Deputación, da provincia e dos seus veciños.

Fai uso da palabra o sr Moldes Gómez para dicir que quere que conste en acta que no acordo que se acaba de tomar figura José Luis Baltar Blanco e non José Manuel Baltar Blanco, que é como debería de figurar.

Di o sr. García Yáñez que aínda que no texto da Moción pon José Luis Baltar Blanco el leu José Manuel Baltar Blanco, afirmación corroborada pola Presidencia.

3. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción presentada polo Grupo Municipal Socialista do Concello do Barco de Valdeorras solicitando *“a derogación la Lei LRSAL ou a devolución as Entidades Locais das competencias en materia de prestación de Servizos Sociais”*

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao concelleiro sr Alonso Araujo, quen dá lectura á Moción presentada e que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, veu reformar a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque a base do municipalismo e o modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos trinta anos.

A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como en sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego e outras.

A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir a actuación de todas as Administracións públicas, en vez de situar a atención ós cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Desde o principio, o PSOE opúxose frontalmente a esta lei porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desesperación ou á privatización dos servizos sociais que presta. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España. No caso de Galicia, a Fegamp pronunciouse, por unanimidade de todos os partidos, en contra da citada Lei.

Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia e Mixto (BNG, CC-NC-PNC e Compromís-Q) presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos como o conflito presentados foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

Hoxe de novo, reafirmamos o noso compromiso de derrogar esta lei en canto o PSOE chegue ao Goberno. Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta a repartición e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade, e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.

Desta maneira créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se foi construíndo dende os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos Estatutos de Autonomía.

No desenrolo do marco constitucional foise consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administracións e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.

Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera “avaliación e información de situacións de necesidade social, e

a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, desnaturalizando por completo o sistema actual.

Ademais, isto lévase a cabo nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou até deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo xa non garante saír da pobreza en España.

Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, pero o Goberno do PP, no seu afán de reducir a mínimos a protección social, consumou o desmantelamento da Rede Pública de Servizos Sociais de proximidade, con recortes orzamentarios (64% no Plan Concertado) que, ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de 10.000 postos de traballo do sector público local.

Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e para traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.

En definitiva a LRSAL suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos. Por iso, a Xunta de Goberno da FEMP e máis a FEGAMP pediron unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno Municipal a presente MOCIÓN, solicitando a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ó Goberno do Estado para:

- a) Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- b) Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación lexislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.”

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. Melo García, quen fai uso dela para dicir que tras 35 anos de aprobación da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, dende o PP consideran necesaria unha actualización da normativa local, que se levou a cabo a través da Lei de racionalización e sustentabilidade do goberno local. Di que a Xunta e a Fegamp fixeron alegacións e suxestións para acadar un texto final consensuado e que servise para a modernización das administracións

públicas, aínda que a reforma quedou incompleta ao non recollerse todas as alegacións presentadas pola Fegamp e que foron aprobadas por unanimidade polos alcaldes galegos, que a Lei estatal establece un marco de reforma da Xunta e que dentro do marco estatal o goberno galego abordou unha reforma da normativa autonómica que permitiu desenvolver ese o marco estatal e que o adaptou á realidade de Galicia e a súas particularidades, que a mencionada Lei forma parte dun conxunto de actuacións que veñen a reportar a necesidade de suavizar o marco normativo do réxime local para acadar unha maior eficacia na prestación dos servizos públicos locais, que hai aspectos da Lei estatal que deberían ser abordados a través dunha Lei autonómica, tendo en conta as aportacións que foron propostas pola Fegamp, e que nese sentido o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que con esta Lei autonómica asegurou aos municipios e as provincias o seu dereito a intervir nos asuntos concernentes á defensa dos seus intereses, e que a Lei galega regula o réxime de competencias dos municipios despois da entrada en vigor da reforma. Remata dicindo o sr. Melo García que as competencias que leva a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continúan sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa, polo que o seu Grupo vai a votar en contra.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez quen fai uso dela para dicir que vai a votar a favor da Moción porque cre que a Lei é antimunicipalista, pois socaba a autonomía municipal e transmite as competencias para dar un bo servizo ao veciños e veciñas ás Comunidades Autónomas e ás Deputacións. Di que cre que a Lei hai que derrogala e tamén, se é posible, derrogar con ela ás Deputacións e facer unhas Comunidades Autónomas ao servizo dos municipios e os municipios ao servizo dos veciños.

Concédeselle a palabra ao concelleiro ao sr. Alonso Araujo quen fai uso dela para dicir que é unha Lei racionalizadora, economicista, como case todas as leis que estivo aprobando o PP nestes catro anos, como foron as de sanidade, educación, traballo, etc., que dende os servizos sociais estanse xestando moitos servizos, como por exemplo atención social a persoas dependentes, servizo de axuda a domicilio, intervención social para menores con discapacidade, programa de aloxamento para persoas sen

fogar, drogodependencia, centros de atención á infancia, teleasistencia, etc., etc., que todos estes servizos son servizos de proximidade, que requiren cofidencialidade e coñecemento exhaustivo, e que cando os Concellos deixen de prestar estes servizos a planificación vaise a facer dende lonxe e as directrices virán dende lonxe, que todo iso vai a repercutir nunha calidade posiblemente bastante máis pobre da que se está a dar actualmente. Prosegue o sr concelleiro dicindo que os servizos sociais no Concello do Barco actualmente teñen 1533 expedientes no sistema informático, 2410 usuarios do servizo, prestan 2346 horas de axuda no fogar por 17 auxiliares, que na Escola Infantil hai 41 nenos, que se atenden a 214 persoas a través do programa de emerxencia social e que no CIM lévase atendido a 105 mulleres durante o ano 2015. Remata dicindo o sr. Alonso Araujo que a perda da proximidade dos servizos de atención suporá unha baixada radical dos usuarios e que ó final pasarase ao que se chamou xa fai tempo servizos de beneficiencia.

Di o sr. García Yáñez que ó final hai un argumento fundamental para pedir a derogación da Lei que é que a lei que abre as portas á privatización dos servizos municipais, que é unha Lei puramente economicista que mania aos Concellos para poder manter estes servizos.

Di o sr. alcalde que un dos argumentos que deu o representante do PP na súa intervención foi que favorecía a fusión dos Concellos e que lle ten que dicir que en Galicia so houbo unha fusión e teñen posta nunha ponte na A-6, antes de chegar a Betanzos, unha pancarta acordándose do ministro Montoro e das súas promesas incumpridas en canto ao seu financiamento.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por once votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández e García Yáñez) e 5 votos en contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García), adopta o seguinte acordo:

Instar ó Goberno do Estado para:

- a) Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.**
- b) Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación legislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos**

servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

4. Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que non se presentaron mocións urxentes.

5. Rogos e preguntas

Pide a palabra o sr. García Yáñez quen, unha vez concedida, di que ten varias preguntas. En primeiro lugar, pregunta si o Concello está en condición de impoñer unha sanción exemplar á empresa Cigarrosa pola tala de árbores na desembocadura do río Mariñán.

Contesta o sr. Alcalde que como xa lle explicou na Comisión de Obras, o Concello abriu un expediente a dita empresa e se lle imporá a sanción correspondente axustada a dereito.

En segundo lugar, o sr. García Yáñez di que na Comisión de Obras do 17 de novembro se recolle que ante unha solicitude de Riada para que se valore a instalación de badenes e semáforo na avenida do Bierzo o Grupo de Goberno respondeu que a Policía Local fixo un estudo con medicións de velocidades e non se viu que fose unha zona conflitiva, que era máis unha sensación de ir a moita velocidade e que onte na prensa se recollen unhas declaracións do alcalde nas que afirmaba que ía a poñer medidas antivelocidade nesa avenida, polo que quere saber qué motivou o cambio de opinión en apenas quince días sobre a perigosidade da vía.

Contesta o sr. Alcalde que se pode coller unha parte da intervención e despois outra parte e facer unha frase que pode incluso non ter sentido. Di que na Comisión leulle o contido da última carta que lle mandou á Xunta de Galicia cun informe da Policía Municipal, onde se lle pedía dúas medidas exactamente para vixiar a velocidade nesa rúa, e que iso foi o que dixo na prensa o outro día, que actualmente estanse a facer xestións ata que se consiga que nesa rúa se poña algunha medida no sentido de impedir fisicamente a velocidade e que tamén quere sinalar que ningún dos tres

accidentes que se produciron ultimamente nesa rúa foron debidos a exceso de velocidade.

En terceiro lugar, o sr. García Yáñez pregunta polas medidas que está a tomar o Concello ante a declaración da Xunta de ofertar solo industrial gratis nos Polígonos empresariais dos arredores de Ourense e que poñen en situación de clara falta de competitividade ao Polígono da Raña, no que se refire ás posibles localizacións de novas industrias coa conseguinte creación de postos de traballo nunha zona deprimida como é Valdeorras.

Di o alcalde que lle repite o que lle dixo o martes pasado, que está a esperar de poder falar cos responsables do Instituto Galego da Vivenda e Solo e que lle trasladará que as mesmas medidas beneficiosas para determinados polígonos industriais de Galicia se apliquen ao Polígono de O Barco, como se fixo por exemplo no momento que se rebaxaron os prezos do solo.

Di o sr. García Yáñez que nunha noticia aparecida onte no periódico dixital “Noticias de Valdeorras” se fala da necesidade de clarificar por parte do Concello as subvencións e convenios coas entidades deportivas, Club Deportivo Barco e Club Adas e pregunta o sr. García Yáñez si exerce o Concello un seguimento a través da correspondente xustificación de subvencións en prazo dos euros entregados.

Di o sr. Alcalde que pídese xustificación detallada de todas as subvencións que se conceden, non só dalgunha porque saia nun periódico, e non soamente as deportivas senón tamén as entidades culturais ou económicas ás que tamén se lle conceden e que dende o departamento de Intervención pídese a xustificación fehaciente de que ese diñeiro gastouse e que se aportan as facturas correspondentes.

Di o sr. García Yáñez que o Concello a través da Concellería de Cultura leva a cabo unha boa programación no que se refire a representacións teatrais no Teatro Lauro Olmo, esforzo que todos os amantes do teatro comparten, aínda que pregunta si os ingresos do despacho de billetes son suficientes para manter unha programación tan prolongada.

Fai uso da palabra a Concelleira delegada de Cultura, a sra. Pizcueta Barreiro, para dicir que hai uns orzamentos para Cultura e a maioría deles inténtanse sufragar coa recadación da venda de entradas, que lle gustaría ter un aforo do cen por cen cuberto pero que non se pode prever cando se fan os presupostos, polo que non se pode tomar o aforo do teatro como presuposto para poder contratar ou non contratar unha obra de teatro.

Pregunta o sr. García Yáñez si cre o alcalde que obedece a criterios de transparencia que a oposición municipal coñeza pola rumoroxía veciñal dos expedientes disciplinarios abertos a traballadores do Concello.

Di o sr. Alcalde que non sabe por onde tivo coñecemento pero que se ten falado incluso neste Pleno dalgún expediente, concretamente por parte do sr. García Yáñez, aínda que non se vai a dar excesiva publicidade a determinadas cousas.

Di o sr. García Yáñez que aos concelleiros se lles debería dar conta deses expedientes, que para iso hai unha Comisión informativa de Persoal. Pregunta o sr. García Yáñez se ten o Concello algún programa de substitución do alumeado por lámpadas led ou esa práctica vai sendo executada segundo presenten ofertas as empresas do sector.

Di o alcalde que iso xa se lle explicou en reiteradas ocasións e se lle dixo que o Concello do Barco forma parte dunha organización de 14 concellos da provincia de Ourense, estase a traballar a través da Deputación provincial cos servizos técnicos nun proxecto, do que se ten dado conta na Comisión de Medioambiente e sabe o sr. García Yáñez que actualmente estase a inventariar o número de fontes luminosas ou lumínicas ou consumidoras de enerxía que hai no Concello, non só nas luminarias senón tamén nos edificios e incluso mandouse información sobre entidades privadas, industrias, etc. para dende aí ser quen de facer un proxecto global de aforro enerxético, e que a medida que se ten información fidedigna esa información se ten pasado á Comisión de Medioambiente, que eso non impide que si unha empresa fai unha oferta de prestar durante un tempo unhas luminarias para ver os efectos, o Concello participe deses experimentos para valoralo no seu momento.

Di o sr. García Yáñez que a pregunta viña porque había unha rúa con oito puntos led, a rúa Penas Forcadas, e o Concello dixo que a sometía durante dous meses para ver o gasto que había e antes de que se fixeran as lecturas do gasto xa propuxo na seguinte Comisión substituíla pola rúa Coruña.

Di o sr. Alcalde que se el ten unha bombilla de 150 vatios e pon outra de 55 que o aforro sabe cal é, que non tiña que ver unha cousa ca outra na iluminación das rúas que di o sr. García Yáñez, pois nunha delas había que poñer leds a un tipo de faros antigas e iso é moi complicado ao ter que substituír un faro por outro e que o final era cambiar o sistema de iluminación para, aforrando, dotar de máis iluminación a esa rúa.

Di o sr. García Yáñez que ultimamente se asfaltou o acceso e as rúas do barrio de Vilarrica de Xagoaza, política necesaria para mellorar o medio rural e facilitar a vida dos veciños, e pregunta cál é razón para que non se asfaltara a eira do lavadoiro coa fonte, que mide uns escasos 10 metros cadrados e que está no centro da aldea e bordeada polas obras realizadas.

Contéstalle o sr Alcalde que mirará cal é o problema e que irá co técnico a ver cómo está aquilo e que mirarán de arranxar o problema.

6. Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 628/15 ata o nº 754/15 e das actas da Xunta de Goberno Local de 29 de outubro e 5, 13 e 19 de novembro de 2015

A Presidencia dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 628/15 ata o nº 754/15 e das actas da Xunta de Goberno Local de datas 29 de outubro e 5, 13 e 19 de novembro de 2015.

7. Dación de conta das sentenzas recaídas nos seguintes procedementos: P.A. 175/2015 B (Miguel Ángel Rodríguez Ávila), P.O. 624/2015 (Rosa Núñez Fernández e dúas máis) e P.O. 356/2014 (Eva Fernández Fernández)

A Presidencia dá conta das sentenzas recaídas no procedemento abreviado 177/2015B e nos procedementos ordinarios 624/2015 e 356/2014, cuxa documentación estivo a disposición dos concelleiros.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:37 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez